

Annuarium Sancti Iacobi, 9 (2020), pp. 43-64.  
ISSN 2255-5161

# A Coruña do século XV no Arquivo da Catedral de Santiago. Unha escolma documental

A CORUÑA FROM 15<sup>TH</sup> CENTURY IN THE ARCHIVE-  
LIBRARY OF THE CATHEDRAL OF SANTIAGO.  
A DOCUMENTARY PICKING

JOSÉ M. SÁNCHEZ CHOUZA  
*Dr. en Historia Medieval*

Annuarium Sancti Iacobi, 9 (2020), pp. 43-64.  
ISSN 2255-5161



# A Coruña do século XV no Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago. Unha escolma documental

JOSÉ M. SÁNCHEZ CHOUZA  
*Dr. en Historia Medieval*

---

45

**Resumen.** O presente artigo ven a profundar na documentación medieval coruñesa no Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago, dende unha breve presentación de fontes e a edición dunha escolma documental. Editamos a seguir oito documentos do século XV relativos a propiedades de relación capitular compostelá, ofrecendo as fontes para estudos posteriores e salientando especialmente aquelas de certa notoriedade pública, como as tomas de posesión.

**Palabras clave:** A Coruña, Santiago de Compostela, propiedades, economía, fontes documentais.

**Códigos UNESCO:**

A CORUÑA FROM 15TH CENTURY IN THE ARCHIVE-LIBRARY OF THE CATHEDRAL OF SANTIAGO. A DOCUMENTARY PICKING

**Abstract:** This article deeps on the A Coruña documentary medieval sources in the Archive-Library of the Cathedral of Santiago, from a brief presentation of sources and the edition of a selection. We publish eight documents from the fifteenth century related to properties of related with the Compostelan chapter, offering the sources for later studies and especially highlighting those of certain public notoriety, such as takeovers.

**Key words:** A Coruña, Santiago de Compostela, properties, economy, documentary sources.

Poucos son, en comparación con outras cidades, os documentos medievais que posuimos pra o estudo da Idade Media na cidade d'A Coruña. E si en conxunto a documentación medieval coruñesa é escasa, no que atinxe a documentación relativa a transaccións comerciais, e nula. Por iso non dubidamos en publicar este pequeno número de documentos que, atopándose no Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela, refírense a operacións de compravenda de bens agrarios no termo da cidade coruñesa. Descoñecemos o feito polo cal este pequeno conxunto documental atópase depositado no Arquivo da Catedral compostelá, pero podemos supoñer que nalgún intre, entre 1432, data do último documento, e 1500, os bens obxecto das transaccións pasaron a titularidade eclesiástica. O uso do ano 1500 como data *ad quem* ben dado polo feito de que é o intre no que se escribe o chamado *Libro do subsidio*, que recolle unha relación dos beneficios eclesiásticos e os importes dos subsidios ou decimas que lles correspondía pagar á Coroa de Castela<sup>1</sup>, entre os que figuran as parroquias de San Vicenzo de Elviña e Santa María de Oza, nas que se atopan os bens obxecto das transaccións.

Como dicíamos, son documentos de compravenda e o obxecto das transaccións son casais, viñas e mesmo un terreo calvo, terras que atópanse nas Parroquias de San Vicenzo de Elviña e Santa María de Oza, ambas pertencentes ao alfoz da cidade coruñesa e hoxe parte do territorio do concello. Á escritura notarial de compravenda acompaña, nalgúns casos, a escritura, tamén notarial, da toma de posesión do ben obxecto da transacción. As escrituras de compravenda son semellantes a calquera outra das múltiples que atopamos nas distintas coleccións documentais. As escrituras de toma de posesión son moito mais interesantes, xa que amosan aspectos rituais e simbólicos que nos remiten á esfera dos rituais feudais<sup>2</sup>.

O nexo de tódalas escritura é a persoa do comprador, Lopo Vaca, do que tan só coñecemos que era mercador e que tiña por muller a Tareixa Díaz, e que

---

<sup>1</sup> Boa parte recollidos no *libro do subsidio*. Edita VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes: *A Igrexa de Santiago contra 1500 (O Libro do Subsidio)*, Santiago de Compostela, 2003.

<sup>2</sup> SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M.: "Las formas de poder en la feudalidad tardía. Las tomas de posesión en el señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela durante el siglo XV: dominio, gesto y significado", *Studia Historica, Hº medieval*, 37/2 (2019), p. 133.

entre os anos 1424 e 1432 vai incrementando o seu patrimonio rural, a lo menos mediante esta compras. A Coruña era unha cidade cunha presión demográfica elevada dentro das súas murallas, 41,90 veciños/Ha<sup>3</sup>, o que é causa de que na documentación medieval coruñesa non atopemos mencións a unidades agrarias dentro da cidade, agás pequenas parcelas a carón das vivendas, adicadas a hortas pra consumo propio<sup>4</sup>. O mercador Lopo Vaca, coas súas compras de terras, está a seguir un proceso de inversión no agro próximo ás cidades que prodúcese non só en cidades da Galicia, como en Ourense<sup>5</sup> ou Pontevedra<sup>6</sup>, senón en cidades da coroa de Castela, como Zamora<sup>7</sup> e en toda Europa<sup>8</sup>. As inversíons en terras adicadas á producción do viño formaban parte importante da riqueza agraria das crases dirixentes herculinas<sup>9</sup>, aínda que non só delas, xa que tamén algúns membros da comunidade xudía tiñan o viño entre as súas fontes de ingreso<sup>10</sup>. As rendas urbanas trata, deste xeito, de completar os seus beneficios procedentes de actividades netamente urbanas<sup>11</sup>

Como antes dixemos, ás escrituras de compra acompaña, nalgúns casos, a escritura notarial de toma de posesión do ben obxecto da transacción. Unha toma de posesión ritualizada nunha orde determinada de actos que vanse repetindo nunha secuencia semellante nos distintos documentos. Nas tomas de posesión xunto coa presenza notarial, atópase a presenza dun delegado do concello, como representante de aquel a quen corresponde o señorío xurisdiccional.

En primeiro lugar faise un recoñecemento público da compra mediante a lectura da carta de compravenda. Tras esta lectura o comprador pide ao propietario anterior, se atópase presente, ou a o representante do concello que lle abran as portas da súa nova propiedade e que o introduzan nela, feito que prodúcese coa entrega das chaves da propiedade.

<sup>3</sup> SÁNCHEZ CHOUZA, J. M.: *A Coruña en la Baja Edad Media*. A Coruña, 2005, p. 38.

<sup>4</sup> *Ibidem*, p. 45.

<sup>5</sup> LÓPEZ CARREIRA, A.: *A cidade de Ourense no século XV. Sociedade urbana na Galicia baixomedieval*. Ourense, 1998, p. 156.

<sup>6</sup> ARMAS CASTRO, J.: *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia medieval*. Pontevedra, 1992, p.119.

<sup>7</sup> LADERO QUESADA, M. F.: *La ciudad de Zamora en la época de los Reyes Católicos. Economía y gobierno*. Zamora, 1991, p. 34.

<sup>8</sup> BAREL, Y.: *La ciudad medieval. Sistema social-Sistema urbano*. Madrid, 1981, p. 294.

<sup>9</sup> SÁNCHEZ CHOUZA, J. M.: *Op. Cit.*, p. 50.

<sup>10</sup> *Ibidem*, p. 136.

<sup>11</sup> LÓPEZ ALSINA, Fernando: *Introducción al fenómeno urbano medieval gallego, a través de tres ejemplos: Mondoñedo, Viveiro y Ribadeo*. Santiago de Compostela, 1976, p. 25.

O novo propietario procede á apertura das portas coa chave recibida e penetra na casa, pechánda novamente, pero agora por dentro, como sinal de toma de posesión. Como signo de afianzamento da posesión, o novo propietario, Lopo Vaca, toma terra e pedra da casa ou leira “en sinal da dita posison”. Pra rematar o acto, o novo propietario sae da casa e pecha agora por fora, solicitando acta do alí feito, quedando dende agora coa plena posesión do ben que tiña mercado.

Nestes procesos de transmisión da propiedade, pode suceder que o ben transmitido teña un posesor do dominio útil distinto do propietario. Tal sucede na compra que Lopo Vaca fai en 1428 dun casal en Eirís. O novo propietario, ao entrar na casa, vota fora dela ao que até de agora tiña o dominio útil. Unha vez realizado o ritual de toma de posesión, e xa fora, o novo propietario volta ao introducir na casa pola súa man, delegando nel o dominio útil. Esta introdución pola súa man do inquilino na casa polo propietario, é un feito que lembra a *inmixtio manum*, acto no que o señor e o vasalo mesturaban a súas mans en sinal de lealdade. Todos estes pasos, sacar fora ao morador, entrada na casa, recollida de elementos físicos dela e reintroducíndoos, son actos de posesión<sup>12</sup>. O inquilino recibe a casa da man do propietario e reafirma a súa vontade de abandonala cando o propietario o demande. Un ritual que, como dixemos ao comezo, remite aos rituais feudais, levados á vida cotiá nun mundo no que non se dan esas relacións feudo vasaláticas, senón relacións propietario – inquilino.

## NORMAS DE TRANSCRICIÓN

No desenrolo das transcricións adoptamos as seguintes normas:

Separación das palabras seguindo no posibel o sistema actual.

Desenrolo das contraccións se elo fora factíbel.

Puntuación do texto actual.

Mantivemos a grafía *j* naqueles casos nos que en galego actual correspondería con *x*.

Transcripción da nota tironiana e signos especiais da convención copulativa por “et”.

Entre corchetes ([ ]) aquellas letras ou palabras suplidias por rotura ou outra causa que impida a súa lectura.

Entre parénteses e sublinhadas as notas explicativas: *brevete, roto, signo*.

Uso de paréntesis angulares (<>) pra aquellas palabras ou partes do texto que aparecen entre liñas ou á marxe nos documentos.

---

<sup>12</sup> PUÑAL FERNÁNDEZ, Tomás: “Análisis documental de los rituales de posesión en la Baja Edad Media”, *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, H<sup>a</sup> medieval*, 15 (2002), p. 129.

Uso de "sic" pra aquellas palabras que no texto aparecen duplicadas ou claramente mal escritas.

Indicación mediante tres puntos suspensivos entre corchetes [...] de aquellas partes do texto que por algún motivo non puideron ser lidas.

Uso de interrogación pra aquellas lecturas dubiosas.

## EDICIÓN DAS FONTES

### 1

1424, xullo, 3. A Coruña.

*Venta de Afonso Martins de Parrega, bachiller, clérigo reitor de Santo Tomé d'A Coruña, a Lopo Vaca e a súa muller Tareixa Díaz, da viña que chamaban de Toroxo por prezo de dez mil maravedíes.*

*Notario Afonso de Balay.*

A.- ACS S 18/23. Orixinal. Cortesá. 347x275 mm. Pergameo. Galego. Boa conservación. Inclúe a seguir o doc. S 18/24.

Sepan quantos esta carta viren como eu Afonso Martis de Parraga, bachiller et clérigo rector de Santo Tomas da villa d'A Crunna, erdeiro de Pero Ferrans de Pruços et destrebuydor de sus beens por sua manda et testamento, outorgo e connosco que bendo et dou et firmemente outorgo por jur de erdade para sempre, por min et por minnas voses et do dito pero Ferrans, a vos Lopo Vaca et vosa moller Tereija Dias, vesinnos da dita villa et a vosa voses, para sempre por preço et dies mill maravedis de moeda vella branca [en] tres dinneiros forros et quitos de alcavala, os quaes de vos resçebi en presencia do notario et testemonias soescritas, de que me tenno et outorgo de vos por entorgo (sic) et ben pagado, vendo a vos polodito preço como dito he, a vinna que chaman de Torojo toda enteira, a qual foy do dito Pero Ferrans et de sua moller Moor García , como se departe toda a dita vinna de una parte da vinna de Juan Ferrenno et da outra parte da vinna de Pero da Seeixo et da outra parte da vinna de Alvaro Fiel et topa en o terreo da igleia de Elvinna quer ten Moor Peres de Loureiro. Iten mais, vos vendo enno dito preço, como dito he, a leira de vinna que se con esta dita vinna usa, que jas cabo dela, as quaes a vos vendo con todas suas dereituras et pertenças et çepas et territorio et arvores et entradas et seidas et chousuras et çeo et camininos et andameos segun que o dito Pero Ferrans et a dita Moor García et eu depois sua morte et outros por min et por eles fasta a que uasamos et levamos, o qual todo a min enteiramente

perteesçe por vos e erança do dito Pero Ferrans ety ao dito Pero Ferrans perteesçia a parte da dita Moor Gaarçia por sua erança et logo por esta presente carta <a vos faço> tradiçon de rrayal corporal posison de todo elo et dos frutos et rrendas et dereyturas e perteenças de todo elo et das ditas vinnas et terretorio para sempre. Et se eu ou outro algun tovermos a posison da dita vinna e leira de vinna et cousas suso ditas, connosco et outorgo que he et sera por vos et en voso nome et vos dou poder complido que porades entrar, tomar, rresçebir para vos ou para quen vos quiserdes, as ditas vinnas e cousas sobre ditas et faser delas et en elas et dos frutos et rrendas et dereituras delas, todo o que quiserdes et por ben toverdes vos et vosas voses para sempre et todo derecho, posison, propiedade que en elo ey et amin perteesçe por rrason do que dito he de min et de min a vos o tiro et parto et en vos et en vosas voses o ponno et traspaso para sempre. Et con qual todo vos prometo et outorgo aanparar (sic) et defender et faservoslo sano et de pas, quito et libre de todo embargo a todo tempo para sempre et so pena do doblo da dita contia, para o qual todo asi teer et gardar et complir, segun dito he, obligo min et meus beens avidos et por aver. Et sobre esto rrenuncio a lei da inumerata pecunia, et a lei do enganno de maays da meatade do justo et derecho preço que fala en rrason dos quatro annos et todas las outras leis et dereitos que en contra desto que dito he diser ou alegar podese diser, que non valla. Et esta carta fique firme et valla.

Feita en A Crunna, tres dias do mes de julio, anno do nasçemento de noso sennor Ihesu Chrispto de mill et quattrocentos et viinte et quattro annos. Testemoyas Martin Garçia de Castro, Jurjo Marrufo, Gomes Garçia clérigo.

Ha escripto sobre rrayado onde diz Garçia et ontre rreglas onde diz vos faço, non enpesca et valla. Eu, Afonso de Balay, notario publico de noso sennor el Rrey en A Crunna et notario dos feitos do concello dela, a esto presente fun et fise escrevir et puse aqui meu nome et signal que tal he (*signo*) en testimonio de verdade.

## 2

1424, xullo, 4. San Vicenzo de Elviña (A Coruña).

*Toma de posesión de Lopo Vaca e a súa muller, Tareixa Días, da viña que chaman de Toroxo, que tiñan adquirido por compra a Afonso Martíns de Párrega, clérigo coruñés.*

*Notario Afonso de Balay.*

A.- ACS, S 18/23. Orixinal. Cortesá. 347x275 mm. Pergameo. Galego. Boa conservación.

En a fligresia de san Viçenço de Elvinna, quatro dias do mes de jullio, anno de jasçemento (sic) de nosso ssennor Ihesu Chispto de mill et quatro centos et vinte et quatro annos, estando ao portal da vinna de Torojo, que foy de Pero Ferranz de Pruços et de sua moller Mayor García et estando ende presentes Afonso Martínes de Parrega, bachiller, clérigo reitor de santo Thomas da villa d'A Crunna et Lopo Vaca, vezinno outrosi da dita villa et en presenza de min notario et testigos yuso escriptos, logo o dito Afonso Martínes, bachiller et reitor susodito, diso que, por quanto el por min o dito notario avia vendido ao dito Lopo Vaca et a sua moller Tereija Diaz, unna vinna de Tojoso suso limitada et declarada e la vençon suso escripta seguida do signo de min o dito notario, et o dito Lopo Vaca lle avia feito complida paga dos maravedis susoditos por que del comprara a dita vinna et a leyra de vinna que está cabo da dita vinna como se usa con ela. Et el, o dito Afonso Martínes, lles avia feito [...]adiccion da rreyal corporal posison da dita vinna e leyra et frutos, dereituras et perteeças a ela perteeçentes, por ende et porque o dito Lopo Vaca oviese mellor et mais complidamente a rrayal corporal posison da dita vinna et leira que se con ela usa et con elo a propiedade dela para sempre jamais. Logo, o fito afonso martínes, bachiller, de sua livre et propria vontade, abrio as portas da dita vinna et leyra de susoditas et desfechou a fechadura das ditas portas con una chave da dita fechadura et abertas as ditas portas tomou o dito Lopo Vaca pola mao et meteolo, posoo et apoderoulo dentro da dita vinna et leyra de vinna et enna posison paçifica de todo elo et dos frutos et rendas delo por çepa et terra et vinnas et agras. Et o dito Lopo Vaca paçificamen, sen embargo nen contradiccion alguna, rreçebio a dita vinna et leira suso ditas et a posison delas et rreçebimento de çepas et frutos et terras et ficou en elas et en todo elo apoderado et levoulle o dito bachiller a dita chave da dita porta et fechadura dela, et ficou asi en todo elo apoderado sen embargo et contradiccion alguna por ninguno nen alguno non llo contradiro nen embargou. A esto de todo como se pasou, o dito Lopo Vaca pedio testimonio escripto et esto foy et pasou ena (sic) dito lugar enno dito dia mes et anno susoditos.

Testigos Pero da G[iesta], Gomes García, Joan da Giesta, clérigos , Jurjo Marrufo. Et eu Afonso de Balay, notario publico de noso sennor el Rrey en A Crunna et notario dos feitos do concello dela, a esto que dito he presente fuy et escrivi et puge aqui meu nome et signal que tal he (*signo*) en testimonio de verdade.

3

1428, xullo, 2. A Coruña

*Maria Vázquez, fillade Vasco Afonso da Nogueira(¿), xurado da cidade d' A Coruña, e seu fillo, Iohan Vidal da Porta, veciños ambos os dous de Betanzos, venden a Lopo Vaca, mercador d' A Coruña, e a súa muller, Tareixa Días, un casal en Eiris (Santa María de Oza), por prezo de catro mil catrocentos maravedíes.*

*Notario Pero Fernández da Cruña.*

A.- ACS, S 18/24. Orixinal. Cortesá. 334x302 mm. Pergameo. Galego. Boa conservación.

Saban quantos esta carta viren como eu María Vaasques, filla de Vaasco Afonso da Regeyra, jurado e visino da villa da Crunna que foy, a quen deus perdone, Et eu Johan Vidal da Porta, fillo da dita María Vaasques, nos anbos et dous en hun, vesinos que somos da villa de Betanços, por nos et por todas nosas voses outorgamos e conosçemos que vendemos por juro de herdade para sempre jamais a vos, Lopo Vaca, mercador, vizino da dita villa da Crunna, que sodes presente, et a Tareija Diaz, vosa moller, que he absente, ben así como se fose presente, para vos et para todas vosas vozes, conven a saber o noso casal de Erys con súa casa en que mora Afonso de Golmaria, noso labrador, et con todas súas casas et heredades labradías et montesías et chantados et resios et vozes de villa a montes et fontes por onde quer que ban et jazen en as freguesyas de santa María de Oza et de sant Viçenço de de Elvinna, segundo que as ditas herdade et casas es casares se departen para súas certas devisoos o qual casal et casas et herdades sobreditas a nos os sobreditos María Vaasques et Johan Vidal perteesçon por voz et por herdança do dito Vaasco Afonso da Rigeira et de Afoso Peres da Rigeira yrmaao de min a dita María Vaasques et tio de min o dito Johan Vidal et o qual casal et casas et herdades et bees sobreditos a vos, o dito Lopo Vaca et vosa moller, vendemos por preço et contía de quatromill et quatrocentos maravedís de moneda vella blanca en tres dinneiros forros et quitos de alcabala por quanto vos, o dito Lopo Vaca la avedes de pagar os quaes quatro mill et quatrocentos maravedís da dita moneda <a> nos, vos o dito Lopo Vaca por vos et en nome da dita vosa moller destes et pagastes et nos de vos reçebemos et pasaron a noso juro et poderío realmente et con efecto sen erro et mascoto e engano algún en dineros contados et en tantas coroas et doblas de ouro quaes montaros et valueron dos quaes nos teemos et outorgamos por ben entregados et pagados a todas nosas voontades et todo o que o dito casal et casas et herdades et bees sobreditos que vos así vendemos mais val ou pode valer de aquí

en diante todo o que mais val ou pode valer de esto por que vos lo asi vendemos a vos o dito Lopo Vaca o damos et donamos en pura et perpetua dadiva et doaçón para sempre jamais non revocable, a qual por dereito chama ontre vivos segundo quer mellor et mais compridamente pode et debe ser dada et outorgada. Et logo desde aquí, por esta presente carta, tiramos et partimos et quitamos de nos et de todas nosas vozes todo o sennorío, jur, propiadade et posisón, dereito, voz et cauçón que nos et qualquer de nos abemos et teemos et nos pertece et pertececer debe en qualquier manera et por qualquier razón en o dito casal et casas et herdades et bees sobreditos et o damos et poemos et traspasamos a vos et en vos os ditos Lopo Vaca et vosa moller et vozes para que de todo ello de aquí en diante sejades os verdadeiros seniores et verdadeiros propietarios posoedores et para que façades delo et en ello et do que renderen todo o que vos queresdes et por ben toverdes, así como de vosos bees et causa propria, libremente sen embargo de nos et de todas nosas vozes et doutro alguun et vos damos poder et complida abtoridat que os posades tomar et entrar et resceber por vosa propia abtoridade, sen mandado de alcalde et de juyz et doutra justiça [...]os ello qual ante queresdes et sen pena et calunia alguna et se por la tal entrada et tomada et reçeberamento y ouber pena ou calunia nos nos obligamos et paramos a ello os quaes bees sobreditos prometemos et outorgamos de vos fazer saaos et de paz, agora et en todo tempo, et de toda demanda et embargo que vos sobre elo nascer et contescer et de tomar por vos e voz et cauçón do pleito ou pleitos que vos sobre elo contesça cada que foremos requeridos, so pena do dobro da dita contía, para o qual todo obligamos nos et nosos bees movilles et rayzes, avidos et por aber et sobre esto que dito he renunçiamos et partimos de nos et de qualquier de nos toda ley et todo foro et todo dereito escriptos et non escriptos, canónicos et çevys, eclesiásticos et seglares, reales et enperiales, asy en general commo en espiçial. Et eu, a dita Maria Vaasques, seendo certificada de meu dereito, renunçio as leys dos enperadores Justiniano et Valeriano que son en favor et ajuda das molleress et en especial renunçiamos ambos a ley et dereito que dize que general renunçiaçon non valla, et a penna pagada ou non pagada o contuido en esta carta valla et fique firme et cumplose en todo. Et eu, o dito Lopo Vaca, que presente son, por min et en nome da dita miña moller et vozes asy o resçibo.

Feita a carta en a dita villa d'A Cruna, dous días do mes de julio do anno do nasçemento de noso señor Ihesu Chispto de mill et quatyrocentos e veinte e oyto annos.

Testigos que foron presentes Pero Patiño, piloto, Iohan de Tato et Fernaant Lopes Oulivez, et Iohan de Paz, mariño, vizinos da dita villa d'A Cruna, et outros.

Et eu, Pero Ferrans d'A Cruña, notario publico por noso señor el rey enna dita vila, a esto que de suso dieron he a outorgamento dos sobredictos Maria Vaasques et Iohan da Porta en hun con os ditos testigoa presente fuy et a pedimento do dito Lopo Vaca o fise escribir et fise aquí este meu signo (signo). Pero Ferrans notario.

#### 4

1428, xullo, 3. A Coruña.

*Toma de posesión de Lopo Vaca, no seu nome e no da súa muller Tareixa Días, do lugar de Eiris (Santa María de Oza), que tiña mercado a María Vázquez e Iohan Vidal da Porta, tras da lectura da carta de venda.*

Notario Pero Fernández da Cruña.

A.- ACS S 18/25. Orixinal. Cortesá. 270x286 mm. Pergameo. Galego. Boa conservación.

---

54

Enna villa d'A Crunna, tres dias do mes de julio, anno do nasçemento de noso señor Ihesu Chrispto de mill et quatroçentos et viinte et oyto annos, estando ante Afoso de Balay, alcaldie do foro en a dita villa por lo concello dela, et a consentimento do doctor Pero García et en presenza de min, Pero Ferras d'A Crunna, notario publico por noso señor el Rey en a dita vila et en seus coutos et terminos et jurdiçon, et dos testigos de juso escriptos, paresçeo Lopo Vaca, mercador visino da dita villa, por si et en nome de Tareixa Dias, sua moller, et presentou et feso leer ante o dito alcaldie et por min o dito notario esta carta de compra que de suso vay encorporada, a qual presentada e leyda, o dito Lopo Vaca pidio ao dito alcaldie que o mandase meter et apoderar en o dito casal et casa et herdades et bees en a dita carta contiudos. Et logo, o dito alcaldie diso que el, bisto a dita carta, que mandava et mandou a Ferraant Canoyra, seu criado, que era presente, que fose meter et apoderar ao dito Lopo Vaca, por sy et en nome da dita sua moller, en o dito casal de Eyris et en a dita casa et bees et herdades del et a el perteçentes. Et el, asi en el metido et apoderado, que mandava et defendia da parte do noso señor el Rey et do dereito, que ninguna nen algunas personas non lle tomasen os ditos bees nen parte deles, nen lo tirasen da dita sua posesion por força et contra sua voontade sen rason et sen dereito fasta que primeramente fose demandado a juisio et oido et vençido por foro et por dereito por onde devia et como devia, et que este apoderamiento lle mandava asi faser en a mellor manera et forma et en quanto podia et devia con dereito, reservando

a salvo seu dereito a outra parte alguna se o en os ditos bees avia. Testemoyas que foron presentes Sancho Suares et Juan de Pas et Iohan de Soandres, visinos et moradores en a dita villa et outros. Et despois desto, en este dito dia, mes et anno sobreditos, estando en o lugar que chaman Eiris, couto et termino da dita villa, dentro en a dita casa en que mora o dito Afonso de Golmarra que he do dito casal, et estando ende presentes a dita Maria Vaasques et Iohan da Porta, et en presencia de min, o dito notario et testemoyas sobescritas, logo a dita Maria Vaasques et o dito Iohan da Porta, de sus plasures et voontades et de suas propias abtoridades, et outros o dito Ferraant Canoyer por mandado do dito Afonso de Balay, alcalde, meteron et apoderaron ao dito Lopo Vaca, por si et en nome da dita sua moller, en a dita casa con seu curral et eira et con sua cortinna que ençima dela esta et de ali diseron que o metian et apoderavan en todas las outras casas et casares et herdades labradias et montesias et en todas las outras couzas contiudas en a sobredita carta de venda. Et o dito Lopo Vaca entrou et resçebio a dita posison por terra et pedra et tellar et madeira da dita casa et eyra et cortinna, entrando et seyendo en ello et poso fora dela ao dito Afonso de Golmarra et sua moller et cerrou et fechou as portas da dita casa. Et en signal da dita posison tomou et levou da terra da dita casa et eyra, et de aly diso o dito Lopo Vaca que resçebia a posison de todos os outros bees et herdades et couzas en a dita carta de venda conteudas. Et poso logo en a dita casa et bees en seu nome ao dito Afonso de Golmarra et sua moller, os quaes os reçeberon de sua mao et prometeron de llos deixar cada et quando que o dito Lopo Vaca mandase. Et quando o dito Lopo Vaca asi entrou et resçebio os ditos bees et posison delles non paresçeo ninguna nen algunas personas que llo enbargasen nen contradisesen.

Et de esto todo en como pasou o dito Lopo Vaca pidio a min o dito notario que llo dese signado. Testigos que foron presentes, Jurjo Marrufo et Iohan de Pas et Gonçalo Maronno de Eiris et outros.

Et eu, pero Ferrans d'A Crunna, notario publico sobredito a esto que de suso dito he en huun con os ditos testigos presente fuy, et a pedimento do dito Lopo Vaca o fise escrivir et fise aqui este meu signo (Signo)

## 5

1429, junio, 26. A Coruña.

